

Curso Cuadrimestral de Francés 2º C - 2016-2017

Información da convocatoria

Tipo	CURSO CUADRIMESTRAL DE FRANCÉS
Código	V17.XT.FR.B22
Nome	Curso Cuadrimestral de Francés 2º C
Curso académico	2016-2017
Nivel	B2.2
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	55.00

Descrición

O obxectivo deste curso é chegar ao nivel B2 nas distintas habilidades do Marco europeo (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita). É a continuidade dun B1 consolidado. Despois deste curso, o alumnado poderá entender as ideas principais de textos e documentos audios complexos e abstractos. Poderá interactuar de maneira espontánea e con soltura con nativos. Poderá escribir un texto claro e detallado sobre temas variados expondo o seu punto de vista. **Exame de nivel ao rematar o cuadrimestre.**

Aqueles alumnos que cursen os dous cuadrimestres terán o exame incluído no importe do curso.

Nos cursos organizados en 2 cuadrimestres, se non realizaches o primeiro e incorporaste no segundo, o prezo da matrícula do segundo cuadrimestre verase incrementado polo importe correspondente ao exame do curso.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	02/12/2016 - 29/01/2017
Período de docencia	30/01/2017 - 10/05/2017

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	55
Validación LE	3

Destinatarios

Nivel intermedio B2.2: curso dirixido a persoas maiores de 16 anos con nivel B1 interesadas en ampliar e mellorar a súa competencia na lingua francesa.

Calendario

Luns e mércores de 18.30-20.30 horas- **Aula B14**

EXAME: luns 15 de maio ás 18.30 horas

Programa

1. Contido do curso

1. Comprensión oral

- Entender entrevistas radiofónicas ou televisivas
- Entender un telexornal francés e programas de radio

2. Expresión oral

- Falar das experiencias e competencias propias
- Poder facer unha breve exposición
- Xustificar ideas e puntos de vista propios
- Participar nun debate
- Reaccionar a unha información ou a un debuxo de prensa e comentalo.

3. Comprensión escrita

- Entender textos periodísticos complexos.
- Entender textos literarios en francés.
- Entender cartas (formal e informal)

4. Expresión escrita

- Sintetizar e resumir un texto complexo.
- Redactar unha carta formal.
- Redactar unha introdución e unha conclusión dunha reflexión.
- Participar nun debate, escribindo o seu punto de vista.
- Escribir un texto descritivo (experiencia, lugar, ect.)

5. Competencias lingüísticas

1. Gramática

- Repasar globalmente os principais tempos da narración (présent, passé-composé, imparfait, plus-que-parfait, futur e futur antérieur).
- A concordancia do participio pasado.

- O subxuntivo (presente e pasado).
- Repasar os distintos pronomes (directos e indirectos).
- O discurso directo e indirecto (pasado e presente).
- Expresar a causa e consecuencia.

2. Vocabulario e civilización

- As profesións e o mundo laboral, os estudos e o tempo libre.
- As relacións persoais e os sentimentos.
- Os medios, a actualidade política e económica.
- A ciencia, o medioambiente, a tecnoloxía e a arte.
- A xeografía e a historia.

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	235.00 €
Público en xeral	280.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)
 Tarxeta bancaria
 Transferencia bancaria

Impartido en

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución - Aula B14

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHEMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no Banco Santander:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condições de acceso

Certificado de B2.1 ou proba de nivel (con data non superior a tres anos)

NOVA PROBA DE NIVEL (30 de xaneiro ás 17.00 horas, na Facultade de Filoloxía e Tradución)- Aula NEWTON 13, pavillón C

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
 - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

5. En ningún caso se devolverá o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.

